

1901

En 1901 licenciouse a primeira muller na Universidade de Santiago de Compostela



Pintos / Empacadoras de xabroón. A Toxa. 1910. Museo de Pontevedra



Acción política e social

Fins do século XIX e principios do XX son tempos de protestas en demanda de mellores condicións laborais ou contra a suba abusiva dos impostos e aí as mulleres tamén tiveron unha participación activa, nomeadamente as galegas:

Concepción Miranda, que fixo ouvir a súa voz nalgunhas intervencións públicas chamando á **incorporación das mulleres á loita obreira**.

Sofía Casanova, escritora e xornalista de proxección internacional, que tamén se ocupou nalgúns dos seus artigos da problemática específica das traballadoras asalariadas.

En Galiza, os sectores con maior número de traballadoras foron a industria conserveira e tabaqueira, arredor das que xurdiron algunhas organizacións de auxilio e apoio mutuo, de feito, un dos episodios máis salientábeis de loita obreira, no que as mulleres canalizaron o seu descontento a través dun motín, foi a mobilización protagonizada polas operarias da fábrica de tabacos da Coruña.

As campesiñas tiveron tamén unha participación activa nas accións de protesta levadas a cabo polo movemento agrarista, sendo un dos motivos esenciais de loita a cuestión da redención foral.

Así mesmo, comezaron a xurdir nas primeiras décadas do século XX asociacións de mulleres vinculadas aos partidos políticos e sindicatos: asociacións republicanas, do PC, do PSOE, anarquistas, galeguistas, etc.

